




Exp: 357

ID: 123

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común**

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03



Sr. Alcalde Presidente do Concello
A Picota, s/n
15256-MAZARICOS

Alos efectos oportunos comunícolle que reunido con data 12 de xullo de 2001 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, acordou dicta-la seguinte resolución:

"Reunido o 12 de xullo de 2001 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia do delegado da Consellería de Medio Ambiente, D. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes, coa asistencia dos vocais, Dona Josefa Fernández Fernández, xefa do Servicio de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, e da secretaria, Dona Ana María Díaz López, xefa do Servicio Xurídico da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, para estudar e resolve-lo

Expediente: 357
Monte: De Corrubedo
Comunidade: Corrubedo
Parroquia: Coiro
Concello: Mazaricos

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Diversos veciños do lugar de Corrubedo, parroquia de Coiro, concello de Mazaricos, solicitaron con data 09.07.1999 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 96,00 Ha.
Lindeiros:

Procede do monte Cadaval, Ruña e outros, nº 103-D do C.U.P.
NORTE: Co monte veciñal de Suevos e fincas particulares de veciños de Corrubedo. Desde o piquete 250 do deslindamento segue devasa ata o 185, e deste segue a orde de piquetes ata o 193. LESTE: Con fincas particulares de veciños de Corrubedo. Do piquete 193 segue a orde de piquetes ata un punto situado entre os piquetes 197 e 198, sobre a liña do deslindamento. SUR: Co monte particular dos veciños de Vilar de Costa. Desde o punto situado entre os piquetes 197 e 198, segue estrema do monte de Vilar de Costa ata un punto situado entre os piquetes 243 e 244, sobre a liña do deslindamento. OESTE: Co termo do concello de Muros. Desde o punto situado entre os piquetes 243 e 244, segue a orde de piquetes ata o 250.

2º. Á vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 17.11.1999, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructor del a D. Juan Ramón Beneyto Bellas, quen aceptou expresamente o dito cargo. Procedeu-se á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Mazaricos, ó xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 83 de 02.05.2000), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.

3º. Os veciños de Corrubedo fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que viñan aproveitando de forma consuetudinaria en réxime de comunidade, sin asignación de cotas, segundo os usos e costumes, o monte correspondente a dito lugar. Presentan copia de escrituras antigas de compravenda nas que hai referencias ao monte veciñal. Esta petición é informada favorablemente polo acordo do pleno do concello de Mazaricos de data 20.01.1997.

Finalizado o período de publicación de Edictos, non houbo alegación algunha contra o presente expediente.

4º. Polo Servicio de Montes apórtase informe no que se facen diversas precisións sobre os lindeiros do monte de Corrubedo na súa colindancia co monte veciñal da comunidade de Suevos e o monte privado dos veciños de Vilar de Costa. Unha vez comprobados tales extremos, rectifícanse as características do monte De Corrubedo recollidas no antecedente primeiro da resolución, así como o plano obrante no expediente, co obxecto de facelas coincidentes coa descripción de tales montes.

5º. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños de Corrubedo, parroquia de Coiro, concello de Mazaricos, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no punto anterior, dedúcese que no presente caso non encontramos cun monte pertencente á comunidade veciñal do lugar de Corrubedo, parroquia de Coiro, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta do Instructor,

ACORDA calificar como veciñal en man común da comunidade do lugar de Corrubedo, parroquia de Coiro, concello de Mazaricos, o denominado monte De Corrubedo, cos lindeiros, superficie e características que figuran no antecedente primeiro. Asimesmo, acórdase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Medio Ambiente da Coruña".

Contra esta Resolución poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo DUN MES ou recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte ó da recepción da presente comunicación, segundo o disposto na Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A Coruña, 22 de xullo de 2001

Vº e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,

A SECRETARIA DO XURADO,

Asdo. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes

Asdo. Ana María Díaz López



MONTE CADAVAL, RUÑA E OUTROS
Nº 103-D DO C.U.P.
CONCELLO DE MAZARICOS
CUADRO DE SUPERFICIES (Has)

	Sup. Total	Sup. Entendidos	Sup. Excluida Monte	Sup. Excluida Convento	Sup. Excluida Corrento
1515570 FORNIS	214,5000	2,0000	0,0000	211,5000	92,0000
MAPMC XESTOSO	42,0000	0,0000	8,4376	33,5624	0,0000
MAPMC A MANDA	372,0000	84,0000	0,0000	288,0000	0,0000
C-2124-4 PAXAREIRAS	300,0000	13,8000	0,0000	282,2000	0,0000
1515605 SUEVOS	66,0000	5,0000	0,0000	60,0000	2,8000
C-2124-7 CORROBEDO*	124,0000	29,0000	0,0000	96,0000	0,0000
VEGINOS VILAR DE COSTA	115,0000	38,0000	77,0000	0,0000	0,0000
RESTO C-2124 SUR*	53,0000	0,0000	0,0000	53,0000	0,0000
NO C-2124 Outeira Grande	13,0000	0,0000	0,0000	13,0000	0,0000
MONTE Encinavado A	4,0000	4,0000	0,0000	0,0000	0,0000
TOTAL	1.338,5000	175,4000	86,4376	1.077,6624	122,7000


*Denominación provisional
Datos: Mayo de 2005

PLANO DEL DESLINDE DEL MONTE


CADAVAL, RUÑA Y OTROS

PARROQUIA DE COIRO

AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS



EXCLUIDO
VECINOS DE VILAR DE COSTA : 115,00 Ha
ENCINAVADOS : 38,00 Ha
SUR EXCLUIDA : 77,00 Ha
LEVANTAMIENTO TOPOGRAFICO :
MARZO DE 1987



La Coruña Septiembre de 1952

EL Ingeniero